

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 05.06.2019

Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 5 de xuño de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1 11315 (10/PNC-001175)
 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
 Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
 Sobre a equiparación polo Goberno galego da ratio de persoal celador do Hospital Comarcal do Salnés á do resto dos hospitais do Sergas, o establecemento da súa dependencia orgánica da Xefatura de Persoal Subalterno da EOXI e o nomeamento dunha persoa responsable no propio centro
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 144, do 12.07.2017

- 2 46008 (10/PNC-003702)
 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
 Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
 Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co impacto económico que supón, para as persoas afectadas por alopecia areata, o custo das próteses capilares
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 434, do 20.02.2019

- 3 47259 (10/PNC-003813)
 Grupo Parlamentario de En Marea
 Vázquez Verao, Paula
 Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Concello de Abadín co fin de garantir a accesibilidade dunha vivenda da parroquia de Abeledo situada no barrio do Couto
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019

- 4 47740 (10/PNC-003860)
 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
 Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
 Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Concello de Abadín en relación co impacto das obras realizadas nunha pista na accesibilidade dunha vivenda da parroquia de Abeledo situada no barrio do Couto
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 446, do 21.03.2019



- 5 49796 (10/PNC-004032)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións precisas para a cobertura das necesidades de persoal e de recursos materiais existentes no Hospital de Verín
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019
- 6 49996 (10/PNC-004047)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto en Galicia do expediente de regulación de emprego presentado polo Banco Santander
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 479, do 22.05.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2019

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

Marta María
Rodríguez-
Vispo
Rodríguez

Firmado digitalmente por
Marta María Rodríguez-
Vispo Rodríguez
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=Marta María
Rodríguez-Vispo Rodríguez,
email=marta.rodriguez.visp
o.rodriguez@parlamentode
galicia.gal
Fecha: 2019.05.29 18:28:33
+02'00'





Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 29/05/2019 18:28:33



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 05.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 05.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 11315(10/PNC-001175)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a equiparación polo Goberno galego da ratio de persoal celador do Hospital Comarcal do Salnés á do resto dos hospitais do Sergas, o establecemento da súa dependencia orgánica da Xefatura de Persoal Subalterno da EOXI e o nomeamento dunha persoa responsable no propio centro

Publicación da iniciativa, 144, 12.07.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 13:00
Nº Rexistro: 11315
Data envío: 03/07/2017 13:00:44.505

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á necesidade de ampliar o cadro de celadores/as do Hospital do Salnés.

O sangrado do sistema sanitario público de Galiza é unha constante, é a folla de ruta do PP á fronte do Goberno galego. Dentro deste sangrado @s profesionais do Sergas son d@s principais damnificad@s por unha política de persoal que o maltrata sistematicamente.

Un exemplo desa política de persoal é o Hospital do Salnés. Desde a súa inauguración, en xaneiro de 2001, sempre contou con servizos e recursos por debaixo das necesidades da poboación á que tiña que prestar asistencia sanitaria, e en concreto a súa a ratio de persoal sempre foi das máis baixa dos centros sanitarios dependentes do Sergas.

Neste contexto @s celadores/as deste hospital están demandando equipararse co resto de hospitais do Sergas. En primeiro lugar nas ratios, e polo tanto que se aumente o número d@s mesm@s, xa que @s que hai na actualidade son totalmente insuficientes para realizar o elevado volume de traballo da súa competencia. En segundo lugar unha estrutura organizativa que permita a súa dependencia das persoas responsábeis de persoal subalterno.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 13:00
Nº Rexistro: 11315

Data envío: 03/07/2017 13:00:44.505

Cando no ano 2008 a xestión do hospital pasou a mans do Sergas, o cálculo que se realizou foi que o cadro de celadores/as preciso para atender as necesidades do hospital era de 30. A día de hoxe, 9 anos despois, a pesares de terse realizado diversas ampliacións no centro, ese cadro só está conformado por 25 persoas, das cales só 6 son fíxas. Consideran que este número é totalmente insuficiente, e un agravio comparativo co resto de hospitais, a empezar pola propia EOXI Pontevedra-Salnés. A modo de exemplo, os tres andares de hospitalización, quirófanos, radioloxía e urxencias son atendidos por cinco persoas en quenda de tarde e tres de noite.

Esta situación ten como consecuencia uns ritmos de traballo infames, teñen calculado que as distancias que percorren ao longo dunha xornada laboral é de 10 a 12 oscilómetros, localización permanente a través de móbil desde o que reciben ordes continuamente de labores a realizar, en moitos casos simultáneas, desatender uns servizos para ter que atender outros.

Outra das demandas que realizan é que teñan dependencia orgánica da Xefatura de Persoal Subalterno da EOXI, e o nomeamento dunha persoa responsábel no Hospital do Salnés. Son o único hospital onde dependen de persoal sanitario. Esa dependencia faise precisa para establecer os criterios e prioridades do traballo, ao igual que a elaboración de protocolos de traballo onde: se lles teña en conta, permitan a racionalización do traballo, delimitación de funcións...

O Bloque Nacionalista Galego faise eco das demandas do colectivo de celadores/as do Hospital do Salnés e por esa razón presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 13:00
Nº Rexistro: 11315
Data envío: 03/07/2017 13:00:44.505

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a atender as demandas co colectivo de celadores/as do Hospital do Salnés de:

Equiparar a ratio de celadores/as a do resto de hospitais do Sergas, e polo tanto aumentar o cadro de persoal en polo menos 9 efectivos.

Establecer a súa dependencia orgánica da Xefatura de Persoal Subasterno da EOXI, e o nomeamento dunha persoa responsábel no propio Hospital do Salnés.”

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/07/2017 12:43:08



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 13:00
Nº Rexistro: 11315
Data envío: 03/07/2017 13:00:44.505

Noa Presas Bergantiños na data 03/07/2017 12:43:13

Olalla Rodil Fernández na data 03/07/2017 12:43:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/07/2017 12:43:21

Xosé Luis Bará Torres na data 03/07/2017 12:43:25

Ana Pontón Mondelo na data 03/07/2017 12:43:28

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 05.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 46008(10/PNC-003702)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co impacto económico que supón, para as persoas afectadas por alopecia areata, o custo das próteses capilares

Publicación da iniciativa, 434, 20.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:37:05
Nº Rexistro: 46008
Data envío: 12/02/2019 09:37:05.844

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A alopecia areata é unha enfermidade inmunolóxica que provoca a perda de pelo en diversas zonas do corpo, especialmente no coiro cabeludo. O sistema inmunolóxico das persoas con esta doenza detecta o pelo como unha ameaza interna, polo que os linfocitos o atacan, o que impide que este saia ao exterior. A día de hoxe, non hai unha causa científica que explique isto, polo que tampouco hai unha cura como tal. Si existen diversos tratamentos que poden chegar a facer efecto, pero teñen un elevado custo en termos de efectos secundarios sobre outros elementos do organismo.

Ademais de ocasionar a perda do cabelo tamén son moitas as persoas que sofren problemas psicolóxicos, asociados a esta enfermidade e a estas consecuencias, derivando en inseguridades e déficits nas relacións sociais que provocan a necesidade de utilizar próteses capilares para agochar ou disimular a enfermidade e poder facer unha vida asimilable ao estandarizado.

Aínda que noutros casos de outras afectacións, como no caso das persoas que pasan por procesos de tratamento oncolóxico, tamén se utilizan próteses con obxecto semellante, o caso da alopecia areata ten a particularidade de ser unha afectación permanente. Isto provoca que as próteses precisen unha maior calidade e materiais mellores para unha maior duración, o que redundará en maiores prezos. Por ter algunha referencia, unha prótese de 18-25 meses de duración de utilidade pode ter un prezo final de 1.500 euros aproximadamente.

A consideración especial desta afectación e as vantaxes que pode xerar en varios planos persoais a utilización desta prótese abre a posibilidade de considerala de maneira especial no que corresponde á súa utilización en relación á enfermidade.

CSM-REXISTRO-NUB2U0fk-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:37:05
Nº Registro: 46008
Data envío: 12/02/2019 09:37:05.844

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a estudar as medidas necesarias para paliar o impacto económico do custe das próteses capilares en persoas afectadas por alopecia areata en Galicia, valorando a posibilidade de abrir unha liña de axudas para sufragar o custe destes produtos.

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/02/2019 09:34:29

Noela Blanco Rodríguez na data 12/02/2019 09:34:35

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/02/2019 09:34:38



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 05.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 47259(10/PNC-003813)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Concello de Abadín co fin de garantir a accesibilidade dunha vivenda da parroquia de Abeledo situada no barrio do Couto

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Veroa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 9 de setembro de 2013, unha muller da parroquia de Abeledo, Abadín, con mobilidade reducida que precisa de cadeira de rodas nos seus desprazamentos, dirixese á Alcaldía para que se teña en conta a Lei de Accesibilidade de Galicia e que se elimine a barreira arquitectónica que está presente á saída da súa casa, dado que o desnivel e a pendente da pista municipal colindante coa casa non lle permite acceder a ela en cadeira de rodas. Esta petición é reiterada o 27 de outubro de 2014. A pendente lonxitudinal de acceso á pista é superior ao 20%, cando as rampas adaptadas non poden superar o 10% de pendente.

A casa da muller citada estaba alí antes de ser asfaltada a pista; os sucesivos asfaltados elevaron o nivel da pista uns 12-15 cm. a respecto da entrada da casa, agravando, ademais o risco de inundación da vivenda, ao tupírense con frecuencia as tuberías dos desaugadoiros.

En novembro de 2015 a problemática da falta de accesibilidade da casa de dita muller con mobilidade reducida en Abadín ponse en coñecemento da Valedora do Pobo, acompañado dun informe técnico que determina que a vía municipal debe ser arranxada para garantir a accesibilidade á vivenda e que esta obra ten un custe menor.





O 8 de setembro de 2016, a Valedora do Pobo informou ás persoas que lle enviaron esta petición que fixera xestións co Concello para buscar unha solución ao problema de accesibilidade, pero o Concello non remite, pasados os anos, o informe técnico requirido pola Valedora para buscar dita solución de accesibilidade.


De feito, o 14 de novembro de 2018, logo de reiteradas peticións por parte da Valedora do Pobo, indica que o Concello de Abadín continúa sen dar unha solución á barreira arquitectónica urbanística xerada pola súa actuación nunha pista continua á casa n.º 8 do lugar de Couto, en dito Concello, polo que a queixa foi incluída no Informe anual da Valedora do Pobo.

A existencia desta barreira arquitectónica nunha casa do barrio do Couto, parroquia de Abeledo, concello de Abadín, condiciona negativamente a vida e autonomía persoal dunha persoa en cadeira de rodas e incumpre a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade. En concreto, a pavimentación considérase un elemento de urbanización e debe, polo tanto, garantir “a seguridade, a accesibilidade, a autonomía e a non-discriminación de todas as persoas”. A barreira arquitectónica urbanística que supón a configuración da pista municipal obriga a facer modificacións na mesma, xa que non chegan as adaptacións que se puideran acometer na vivenda.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a dirixirse ao Concello de Abadín para que garanta a accesibilidade da vivenda situada no número 8 do barrio do Couto, parroquia de Abeledo, mediante a adaptación da pista municipal.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2019.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47259
Data envío: 04/03/2019 19:22:35.754



Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 04/03/2019 19:14:29

Luis Villares Naveira na data 04/03/2019 19:14:38

CSX: 015d45SNLe2
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 05.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 47740(10/PNC-003860)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Concello de Abadín en relación co impacto das obras realizadas nunha pista na accesibilidade dunha vivenda da parroquia de Abeledo situada no barrio do Couto

Publicación da iniciativa, 446, 21.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47740
Data envío: 13/03/2019 18:42:59.870

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas **Concepción Burgo López, Noela Blanco Rodríguez e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 5.^a**

Exposición de motivos

Dende fai mais de cinco anos, unha veciña do concello de Abadín está a vivir unha situación de indefensión e desamparado inadmisíbel, unha situación que realmente non poderíamos pensar que puidera suceder en pleno século XXI.

P.L.F. é unha xubilada veciña de Abeledo, no concello de Abadín. Ten un grao de discapacidade do 84% é unha mobilidade moi reducida que lle obriga a utilizar unha cadeira de rodas. Pilar leva varios anos con graves problemas para saír e entrar na súa casa dado que os varios asfaltados que fixo o concello nos últimos anos sobre a pista que da acceso a súa vivenda, fixeron que esta quedara a máis de 12 centímetros por riba da entrada. Isto supón, como ben se pode comprender, un obstáculo moi grave de accesibilidade e que fai moi difícil a súa vida diaria.

Este problema de accesibilidade que sofre Pilar no é recente. Xa en 2013 solicitou ao concello de Abadín, de quen depende a pista e quen fixo as obras de asfaltado, que solucionase o problema que el mesmo causara e que procedese a eliminación da barreira, pero nunca recibiu unha resposta do concello.

Ante esta situación, en novembro de 2015 presentou un escrito ante a Valedora do Pobo e uns meses despois foi presentada tamén unha queixa por este problema por mais de 50 veciños e veciñas de Pilar xunto con un informe técnico dun arquitecto que valora a supresión da barreira en 5.600 euros. Este informe tamén di textualmente que "hoxe en día o nivel do asfalto na fronte da casa supera nuns 15 centímetros o nivel da entrada" e que "fronte á vivenda a pendente para ascender ao camiño é superior ao 20 %, porcentaxe totalmente inadmisíbel."

A Valedora do Pobo instou ao alcalde de Abadín a arranxar esta situación e lle solicitou un informe técnico en 2016 e volveu a solicitalo dúas veces mais en anos sucesivos sen recibir ningunha contestación, polo que en 2018 recomendou ao concello de Abadín a que "con urxencia se realice a adaptación pendente que resulta

CSM: wjrh7M74p9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47740
Data envío: 13/03/2019 18:42:59.870

viabile e razoable e que ademais é consecuencia dunha actuación anterior nunha estrada municipal...” sen que tampouco nesta ocasión o concello fixera nada.

Esta queixa foi incluída pola Valedora do Pobo no seu informe ao Parlamento de Galicia pero a realidade é que esta veciña de Abadín leva cinco anos e medio sen recibir ningunha resposta do Concello de sufrindo unha clara inxustiza e una discriminación absoluta xa que non pode acceder a súa propia autonomía.

Ante esta situación é necesario lembrar ca *Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade*, ten por obxecto garantirles ás persoas con discapacidade a igualdade en relación coa accesibilidade universal e asegurarlles as condicións de seguridade e comodidade do xeito máis autónomo e natural posible e que todas as súas disposicións deben ser acatadas por todos os poderes públicos singularmente nas súas actuacións e especialmente no que toca á accesibilidade dende espazos públicos, incluíndo a súa reforma ou mantemento.

Incluso cabe mencionar a obriga establecida na normativa legal, no seu artigo 5, en relación aos os entes locais, os cales terán que elaborar plans especiais de actuación para adaptar as vías públicas, os parques e os demais espazos de uso público ás normas de accesibilidade.


Igualmente, o artigo 44 desta lei recolle que corresponde á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a competencia para sancionar as condutas tipificadas como infraccións en materia de accesibilidade; e considera como infraccións graves, entre outras, os actos discriminatorios ou as omisións que supoñan directa ou indirectamente un trato menos favorable á persoa con discapacidade; ou o incumprimento das exixencias de accesibilidade, así como a negativa a adoptar as medidas de axuste razoable. Ao tempo que regula que os procedementos sancionadores poderanse iniciar de oficio por acordo do órgano competente autonómico.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao concello de Abadín para que proceda á subsanación dos efectos negativos das obras realizadas que imposibilitan o acceso a súa vivenda dunha persoa con discapacidade no lugar de Coto na parroquia de Abeledo, así como a exercer no seu caso a súa potestade sancionadora respecto da actuación realizada.

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2019

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2019 09:30:00
Nº Registro: 47740
Data envío: 13/03/2019 18:42:59.870

Asdo.: Concepción Burgo López
Noela Blanco Rodríguez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 13/03/2019 18:39:20

Noela Blanco Rodríguez na data 13/03/2019 18:39:26

Patricia Otero Rodríguez na data 13/03/2019 18:39:35

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/03/2019 18:39:47

CSX: wjchm17zpb
Verificado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 05.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 49796(10/PNC-004032)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións precisas para a cobertura das necesidades de persoal e de recursos materiais existentes no Hospital de Verín

Publicación da iniciativa, 476, 14.05.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 13:51:52
Nº Rexistro: 49796
Data envío: 09/05/2019 13:51:52.830



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

Exposición de motivos:

O deterioro na sanidade pública polos recortes orzamentarios e a política de privatizacións levada a cabo polo Goberno, está a ter consecuencias moi graves na propia prestación sanitaria, pero tamén nas condicións laborais do persoal.

Neste sentido, os hospitais comarcais son duramente castigados, a causa dun desmantelamento paulatino dos seus servizos tanto no ámbito material como no humano. Verín supón un claro exemplo desa situación, con deficiencias que condicionan unha atención axeitada.

Existen algunhas que son xa estruturais e que se repiten por todo o Servizo Galego de Saúde, tales como a falta de profesionais de enfermería, celadores ou auxiliares de enfermería, que no caso de Verín provocan que nas quendas de noite solo estean por unidade dúas enfermeiras e unha auxiliar e media. No caso dos celadores, soamente contan con un celador para todas as plantas e outro para urxencias na quenda de noite.

En relación as especialidades, pediatría supón un problema que como non se lle poña solución traerá graves consecuencias. Actualmente non existe hospitalización de pediatría, unicamente dispónse dun pediatra para os partos, un profesional que xa tivo que prorrogar ata tres veces a súa xubilación e que se ve





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 13:51:52
Nº Registro: 49796
Data envío: 09/05/2019 13:51:52.830



obrigado a facer ata 28 gardas ao mes. Ademais, dito profesional traballa na Atención Primaria, que queda desatendida cada vez que ten que desprazarse ao hospital.

Existen tamén problemas en relación a falta de anestesistas, unha cuestión que provoca que se teñan que adiar as intervencións ou que se teñan que derivar ao CHUO e á privada para poder atender á demanda.

Ademais, as deficiencias non tocan soamente ao persoal, existen deficiencias de material como os ecógrafos, xa que dos dous ecógrafos dos que dispoñen, un atópase avariado, afectando directamente ao servizo de xinecoloxía.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar as actuacións necesarias para cubrir de xeito urxente as necesidades de persoal e materiais que se precisan no Hospital de Verín.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

CSV REGISTRO11WYceoxsb9
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 13:51:52
Nº Registro: 49796
Data envío: 09/05/2019 13:51:52.830



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/05/2019 13:51:14

Luis Villares Naveira na data 09/05/2019 13:51:21

CSV, REGISTRO1WY7ce0sb9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 05.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 49996(10/PNC-004047)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto en Galicia do expediente de regulación de emprego presentado polo Banco Santander

Publicación da iniciativa, 479, 22.05.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2019 17:36:31
Nº Rexistro: 49996
Data envío: 16/05/2019 17:36:31.577

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ás iniciativas a tomar diante da presentación dun ERE por parte do Banco Santander para evitar o seu impacto en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Banco Santander ven de poñer en marcha un expediente de regulación de emprego (ERE), que segundo o anunciado afectará a 3713 traballadoras/es, e pecharán 1.150 oficinas (57 oficinas xa o farán o 21 de xuño, 1 en Galiza. A afectación que este ERE terá en Galiza será sen dúbida moi importante, debido á existencia de tres redes a nivel galego, a do Santander, Pastor e Popular.

Este novo ERE está directamente relacionado coa redución do número de oficinas que ten intención de realizar a entidade bancaria, e coa avaricia desmedida dun banco que ven de declarar no 2018 uns beneficios multimillonarios de 3.752 millóns de euros.

Este novo movemento significa continuar co proceso de “reestruturación” do sector financeiro, co obxectivo de concentrar e centralizar a toma de decisións, un proceso ao que se destinaron máis de 60.000 millóns de euros de fondos públicos, dos que o Bando de España recoñeceu que só se van recuperar unha mínima parte.

CSM-REXISTRO/01WXT-zv/12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2019 17:36:31
Nº Rexistro: 49996
Data envío: 16/05/2019 17:36:31.577

Para Galiza este proceso ten nefastas consecuencias, perda de capacidade e decisión financeira, exclusión dunha parte importante da poboación do mesmo, concentración bancaria, redución de operadores e a perda de m de máis postos de traballo. O sector financeiro sáldase en Galiza dende o 2009 ata o de agora cunha perda de miles de empregos.

Estamos de novo diante dun proceso de destrución de emprego, e de perda de capacidade financeira, de novo a expensas do que decidan en Madrid, en base aos seus intereses e non aos de Galiza.

O BNG súmase á preocupación d@s traballadores e traballadoras pola situación futura do persoal da rede do grupo bancario, porque todo evidencia que este é un novo banzo no proceso descrito, do que xa tiñamos advertido.

É preciso defender a mellora das condicións laborais, o mantemento dos postos de traballo e evitar a exclusión financeira na que van quedar miles de galeg@s en Galiza co peche de oficinas.

Por todas as razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión 5ª:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a:

- Dar conta das xestións realizadas diante do Banco Santander para evitar en Galiza as consecuencias do ERE en marcha.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2019 17:36:31
Nº Registro: 49996
Data envío: 16/05/2019 17:36:31.577

- Realizar todas as actuacións precisas diante do Banco Santander, para manter en Galiza os postos de traballo e evitar o peche de oficinas que supoñen exclusión financeira e deterioro do servizo prestado @s galeg@s

- Presentar, no presente período de sesións, un informe coa situación actual do sistema financeiro en Galiza e coas medidas que ten tomado e vai tomar o Goberno galego para impedir “novas restructuracións” que supoñan aínda máis exclusión financeira, deterioro do servizo que reciben @s galeg@s e perda de emprego.”

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2019

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2019 17:29:51





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
ep-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2019 17:36:31
Nº Registro: 49996
Data envío: 16/05/2019 17:36:31.577

Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2019 17:29:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2019 17:29:56

Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2019 17:29:57

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2019 17:29:59

Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2019 17:30:00

CSX4 REGISTROUWXtz.viz
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

